

BONO ENERXÍA PEME

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA.

EXTRACTO da Resolución do 20 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes do sector servizos (programa Bono enerxía peme), anualidade 2023 (**código de procedemento IN417Z**).

Persoas e entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou centro de traballo en Galicia e cuxa actividade estea incluída entre as seguintes seccións do CNAE 2009:

Sector servizos- sección CNAE 2009	División
Sección G: comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas.	45 a 47
Sección H: transporte e almacenamento.	49 a 53
Sección I: hostalería.	55 a 56
Sección J: información e comunicacións.	58 a 63
Sección K: actividades financeiras e de seguros.	64 a 66
Sección L: actividades inmobiliarias.	68
M: actividades profesionais, científicas e técnicas	69 a 75
Sección N: actividades administrativas e servizos auxiliares.	77 a 82
Sección P: educación.	85
Sección Q: actividades sanitarias e de servizos sociais	86 a 88
Sección R: actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	90 a 93
Sección S: outros servizos.	94 a 96

Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Obxecto:

Regular a concesión de subvencións para a realización de proxectos de mellora enerxética, destinadas a pemes e autónomos con actividade económica no campo do comercio, hostalería, artístico-recreativo e outros servizos, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran os requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución (**código de procedemento IN417Z**).

Contía da axuda:

1. A contía da subvención será do 80 % do custo elixible da actuación
2. Con carácter xeral, establécese unha axuda máxima de 6.000 euros por solicitude.
3. O importe total das axudas de minimis concedidas a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, de 100.000 euros cando se trate de empresas de transportes de mercadoría por estrada por conta allea, de 30.000 euros para empresas do sector da pesca e da acuicultura e de 20.000 euros para empresas do sector agrícola.
4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes comeza ao día seguinte ao da publicación de esta resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará o 29 de xuño de 2023.

MAIS INFORMACIÓN

DOG Núm. 16 Martes, 24 de enero de 2023(código de procedemento IN417Z).

Bases reguladoras

Bases reguladoras e convocatoria Resolución do 20 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes do sector servizos (programa Bono enerxía peme), anualidade 2023 (código de procedemento IN417Z).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230124/AnuncioG0474-201222-0009_es.pdf